



A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2013

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2013

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Recoñecemento –Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

Edición 2013

Observatorio da Sociedade da Información e
a Modernización de Galicia

Xunta de Galicia
Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de
Galicia

Santiago de Compostela
2013

INDICE

INTRODUCCIÓN	5
I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO	7
I.1. En síntese	14
II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS	15
II.1. Equipamento e servizos TIC	17
II.2. Internet e Banda larga	41
II.3. Páxina web e redes sociais	50
II.4. Comercio electrónico	57
II.5. Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet	61
II.9. En síntese	69
III. ANÁLISE SECTORIAL	72
IV. ANÁLISE POR PROVINCIAS	97
ANEXO: DESCRICIÓN CNAES 2009	112

INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste estudo é obter elementos de diagnóstico, seguemento e avaliación que permitan determinar a situación e a evolución dos indicadores sobre a Sociedade da Información no tecido empresarial galego.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galica (Amtega), foi o responsable de realizar a análise que se presenta neste Diagnóstico sobre o equipamento e uso das TIC nos empresas galegas. Este proxecto forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2014.gal da Xunta de Galicia.

O estudo analiza en detalle e, cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 e máis traballadores/as, relacionada co equipamento TIC e conectividade a Internet, xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC, dispoñibilidade de páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e o cloud computing así como outras cuestións relacionadas co comercio electrónico e a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet.

Por primeira vez, ofrécese información diferenciada para dous segmentos empresariais:

- Empresas con sede en Galicia
- Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

Este diagnóstico inclúe tamén información desagregada segundo o número de empregados/as, actividade económica e análise por provincias. Ademais, a fin de obter un enfoque da evolución dos indicadores e a súa repercusión e avance entre as empresas, inclúense gráficas comparativas daqueles indicadores ou variables máis significativas.

Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística


Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración, asinado en outubro de 2012, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galica (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas.

O acordo de colaboración asinado permite que os datos que antes recollía o Observatorio, nos vindeiros anos procedan da Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas, que realiza o INE e transferidos a través do IGE. Ademais, o acordo establece a ampliación dos datos que ata o momento publicaba o INE no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas
- Explotación específica realizada polo IGE de datos relativos ao uso do Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Obtención, a través do IGE, de datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa Comunidade, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente proporciona o INE.

Con este convenio de colaboración evítase a duplicidade de enquisas, o que supón un aforro estimado de máis de 50.000 euros anuais, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO



☞ **Galicia conta con 209.202 empresas, das que o 95,6% teñen menos de 10 traballadores/as.**

☞ **Servizos é o sector de actividade maioritario (76%).**

CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO

Neste primeiro capítulo analizararemos as características definitorias da actividade empresarial en Galicia, incidindo en aspectos tan relevantes como o número de asalariados/as, a actividade económica ou a condición xurídica.

Segundo datos do Directorio de Empresas do Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2012 existían na nosa comunidade 209.202 entidades¹ empresariais, das que 5.153 eran empresas que, tendo a sede fóra de Galicia, desenvolven a súa actividade empresarial na Comunidade Galega.

C.1. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA

(Total de empresas)

	Sede fóra de Galicia pero con actividade en Galicia	Sede en Galicia	Total – Empresas con actividade en Galicia -
TOTAL	5.153	204.049	209.202
Sen asalariados	1.957	127.692	129.649
De 0 a 2 asalariados /as	978	44.216	45.194
De 3 a 5 asalariados / as	663	17.255	17.918
De 6 a 9 asalariados / as	435	6.801	7.236
De 10 a 19 asalariados / as	406	4.557	4.963
De 20 a 49 asalariados / as	347	2.471	2.818
De 50 a 99 asalariados / as	163	651	814
De 100 a 249 asalariados / as	113	297	410
250 ou máis asalariados / as	91	109	200


Fonte: IGE, Directorio de empresas e unidades locais, 2012

¹ Nesta estatística exclúense as empresas adicadas ao sector primario (grupo A da CNAE09).

O tecido empresarial galego caracterízase por unha acusada atomización, representando as microempresas (de 0 a 9 asalariados/as) o 95,6% do total de empresas de Galicia. Deste xeito, só un 4,4% de empresas conta con 10 ou máis asalariados/as, o que evidencia a importancia da pequena empresa en Galicia.

G.1. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2012.

Dadas as diferenzas entre entidades empresariais relacionadas coa súa magnitude, abordaremos a información que se amosa neste diagnóstico considerando ás empresas galegas en dous grandes grupos: por un lado, as microempresas ou empresas de 0 a 9 traballadores/as, que representan o 95,6% das entidades galegas, e por outro, as empresas con 10 ou máis asalariados/as, que constitúen o 4,4% restante.

Respecto da ubicación xeográfica, a demografía empresarial galega amosa unha concentración nas provincias da Coruña e Pontevedra en detrimento das de Lugo e Ourense. As provincias atlánticas acollen a un 74,1% do total das empresas galegas.

C.2. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS POR PROVINCIA

(Total de empresas)

	MENOS DE 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	81.991	3.404	85.395
LUGO	24.507	866	25.373
OURENSE	22.886	787	23.673
PONTEVEDRA	66.580	3.028	69.608
CON SEDE FÓRA DE GALICIA E ACTIVIDADE EN GALICIA	4.033	1.120	5.153
TOTAL	199.997	9.205	209.202

Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2012.

C.3. ESTRATO DE ASALARIADOS / AS POR PROVINCIA

(% Total de empresas)


	MENOS DE 9 TRABALLADORES	10 OU MÁIS TRABALLADORES	TOTAL
A CORUÑA	39,2	1,6	40,8
LUGO	11,7	0,4	12,1
OURENSE	10,9	0,4	11,3
PONTEVEDRA	31,8	1,4	33,3
CON SEDE FÓRA DE GALICIA E ACTIVIDADE EN GALICIA	1,9	0,5	2,5
TOTAL	95,6	4,4	100,0

Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2012.

O sector servizos é o sector de actividade maioritario. Desglosando as diferentes actividades de cada sector, atopamos que son as empresas dedicadas ao comercio as máis numerosas en Galicia (55.833, un 26,7% sobre o total de empresas), seguidas das relacionadas co sector da construción (34.382, o que representa o 16,4% do total de empresas galegas).

G.2. ACTIVIDADE PRINCIPAL DA EMPRESA

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2012.

C.4. EMPRESAS CON ACTIVIDADE EN GALICIA

(Total de empresas)


	Sede fóra de Galicia pero con actividade en Galicia	Sede en Galicia	Total – Empresas con sede e/ou actividade en Galicia -
TOTAL	5.153	204.049	209.202
INDUSTRIA	367	15.432	15.799
B- Industrias extractivas	12	366	378
C- Industria manufactureira	262	14.375	14.637
D- Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	60	451	511
E - Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e contaminación	33	240	273
F- CONSTRUCCIÓN	731	33.651	34.382
SERVIZOS	4.055	154.966	159.021
G- Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.659	54.174	55.833
H - Transporte e almacenamento	261	12.169	12.430
I - Hostalaría	267	22.385	22.652
J - Información e comunicacións	150	2.279	2.429
K - Actividades financeiras e de seguros	196	4.308	4.504
L - Actividades inmobiliarias	119	4.328	4.447
M - Actividades profesionais, científicas e técnicas	524	22.032	22.556
N - Actividades administrativas e servizos auxiliares	441	7.049	7.490
P - Educación	81	4.716	4.797
Q - Actividades sanitarias e de servizos sociais	154	7.210	7.364
R - Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	53	4.035	4.088
S - Outros servizos	150	10.281	10.431

Fonte: IGE, Directorio de empresas e unidades locais, 2012

O colectivo de persoas físicas ten unha significativa presenza en Galicia, sendo esta a forma xurídica que adoptan máis da metade das empresas galegas.

G.3. CONDICIÓN XURÍDICA

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: IGE, Directorio Xeral de empresas e unidades locais, 2012.

I.1.3. En síntese

- ☞ No ano 2012, Galicia contaba con 209.202 empresas, das que o 95,6% emprega a menos de 10 traballadores/as.
- ☞ Dúas provincias galegas concentran o 74,1% do total de empresas de Galicia: A Coruña, cun 40,8% e Pontevedra cun 33,3%.
- ☞ A actividade concéntrase fundamentalmente no sector servizos, onde se inscriben o 76% das empresas galegas.
- ☞ O 55,7% das empresas galegas están establecidas baixo a forma xurídica de “persoas físicas”, e o 44,3% restante son formas societarias e outras formas xurídicas.

II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS



- ➡ O 26,4% das microempresas galegas ten unha presenza activa nas redes sociais.
- ➡ O 16,3% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia venderon a través de Internet, 2 puntos por riba da media estatal .

Este segundo capítulo aborda as seguintes cuestións relacionadas co uso das TIC e do comercio electrónico nas empresas galegas:

1. Equipamento e servizos TIC



2. Internet e Banda Larga



3. Páxina web e Redes sociais



4. Comercio electrónico



5. Interacción coas AA.PP.




Presentaranse os datos para tres estratos: microempresas, empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e empresas multilocalizadas con sede e/ou actividade en Galicia, facilitando asimesmo datos evolutivos referidos ao período 2010-2013.

II.1. EQUIPAMENTO E SERVIZOS TIC

A dispoñibilidade de ordenadores nas empresas galegas é alta: practicamente total nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia (98,5%) e nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia (98,8%), e supera o 70% nas empresas de 0 a 9 traballadores/as.

G.4. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

Dado que nas empresas de 10 e máis traballadores/as a dispoñibilidade de ordenador sitúase preto do 100%, non se rexistran variacións importantes nos últimos catro anos, tanto no tocante á evolución nas empresas galegas como nas españolas, sendo as porcentaxes moi parellas nos dous ámbitos territoriais considerados.


En troques, nas empresas de 0 a 9 traballadores/as rexístrase unha evolución alcista nos últimos tempos, en especial nas empresas galegas xa que partían dunha posición inferior. O crecemento deste indicador en Galicia foi dun 13,6% no último ano, moi superior ao crecemento estatal (0,4%), reducindo a fenda de 8,5 puntos a 0,4 puntos.

G.5. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen ordenadores

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.6. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen ordenadores

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

A rede de área local (LAN) ten unha presenza dispar nas empresas galegas, moi relacionada co tamaño das mesmas. Así, se o 22,8% das microempresas ten instalada unha rede de área local, a porcentaxe aumenta ata o 82,8% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e ata o 85,5% nas que teñen sede e/ou actividade na Comunidade Galega.

G.7. REDE DE ÁREA LOCAL (LAN)

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

Estas redes de comunicación están implantadas nas empresas de 10 ou máis empregados/as de Galicia dun xeito moi similar ao que ocorre nas empresas das mesmas características do resto do Estado, observándose un lixeiro descenso con respecto ao 2012 tanto para as empresas con sede en Galicia como para a media estatal.


No caso das microempresas galegas, no último ano, a presenza de rede de área local rexistra un incremento de 1,6 puntos porcentuais, unha evolución que, non obstante, é negativa no conxunto de España.

G.8. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen rede de área local (LAN)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.9. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen rede de área local (LAN)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE

A dispoñibilidade de correo electrónico tamén varía significativamente segundo o tamaño das empresas. Se no caso das empresas con 10 ou máis traballadores/as a presenza do email supera o 98%, nas empresas con 0 a 9 traballadores/as só acada ao 62,3%.

G.10. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CORREO ELECTRÓNICO

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

A implantación do correo electrónico nas empresas de 10 ou máis empregados/as de Galicia presenta niveis moi similares á media estatal, sendo incluso lixeiramente superior (98,1% nas galegas fronte a un 97,8% nas españolas).


A presenza do correo electrónico nas microempresas galegas rexistra un incremento de case 7 puntos porcentuais no último ano, o que permite acadar case a converxencia coa media estatal.

G.11. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen correo electrónico (e-mail)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen correo electrónico (e-mail)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

Un 60,5% do persoal que traballa nas microempresas galegas utiliza o ordenador para o desenvolvemento do seu traballo cando menos unha vez por semana. No caso das empresas de máis de 10 traballadores/as atopamos diferencias dependendo da localización da sede da empresa en Galicia ou non: deste xeito, o 53,8% dos traballadores/as de empresas con sede en Galicia utilizan o ordenador cando menos unha vez por semana, porcentaxe que aumenta ao 62,3% no caso das empresas que teñen a súa sede e/ou actividade na Comunidade Galega.

G.13. USO DE ORDENADORES CANDO MENOS UNHA VEZ POR SEMANA

(% sobre o persoal da empresa)




Fonte: INE

De xeito similar, un 54,3% do persoal que traballa nas microempresas galegas utiliza un ordenador conectado a Internet para o desenvolvemento do seu traballo cando menos unha vez por semana. No caso das empresas de máis de 10 traballadores/as atopamos de novo diferencias atendendo á localización da sede en Galicia ou non: o 45,7% dos traballadores/as de empresas con sede en Galicia utilizan un ordenador con conexión a Internet cando menos unha vez por semana, porcentaxe que aumenta ao 53% no caso das empresas que teñen a súa sede e/ou actividade na Comunidade Galega.

Resulta salientable que neste indicador as microempresas galegas superan o valor acadado polas empresas de 10 ou máis empregados/as. Esta situación podería deberse a que nas microempresas, o persoal realiza un maior abano de tarefas que nas empresas de maior tamaño, o que podería obrigar ao traballador/a a utilizar o ordenador nalgunha destas

funcións. Pola contra, nas empresas de 10 e máis traballadores/as podería existir persoal adicado exclusivamente a cadeas de produción que non obrigan ao uso de Internet.


G.14. USO DE ORDENADORES CONECTADOS A INTERNET UNHA VEZ POR SEMANA (% sobre o persoal da empresa)



Fonte: INE

A dispoñibilidade de dispositivos portátiles para a conexión móbil a Internet para uso empresarial é dispar nas empresas galegas e está relacionada coa localización ou non da sede da empresa en Galicia. Así, se o 11,3% do persoal das microempresas dispón destes dispositivos, a porcentaxe diminúe ata o 10,5% nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia, sendo do 16,9% entre os traballadores daquelas que teñen sede e/ou actividade na Comunidade Galega.

G.15. PERSOAL AO QUE SE LLE PROPORCIONOU UN DISPOSITIVO PORTÁTIL QUE PERMITÍA A CONEXIÓN MÓBIL A INTERNET PARA USO EMPRESARIAL (% sobre o total de persoal)




Fonte: INE

Tamén atopamos diferencias, baseadas tanto no tamaño das empresas como na localización da sede da empresa, na porcentaxe de compañías galegas que dispoñen de empregados/as que traballan fóra dos locais da empresa de forma regular e se conectan aos sistemas TIC da empresa mediante redes telemáticas externas. Esa porcentaxe é do 6,2% nas microempresas galegas e ascende ao 20,8% nas empresas con 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e acada o 28,5% naquelas que teñen a sede e/ou actividade en Galicia.

G.16. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE PERSOAL QUE TRABALLA FORA DOS LOCAIS DA EMPRESA DE FORMA REGULAR E SE CONECTA COS SISTEMAS TIC

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

O 44,3% das empresas de 0 a 9 traballadores/as empregan algunha tipoloxía de software de código aberto; esa porcentaxe aumenta ao 74,4% no caso das empresas con 10 ou máis traballadores con sede en Galicia e sitúase no 75,7% en empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia.

G.17. EMPRESAS QUE EMPREGABAN ALGUNHA TIPOLOXÍA DE SOFTWARE DE CÓDIGO ABERTO

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

As empresas galegas de 10 e máis traballadores/as superan á media estatal en 3,9 puntos porcentuais no uso do código aberto. Non obstante, logo da alza na utilización de software de código aberto rexistrada nas empresas con 10 ou máis traballadores/as entre os anos 2011-2012, atopamos agora un lixeiro descenso que é menos acusado entre aquelas empresas que teñen a sede e/ou a actividade en Galicia. Este descenso está en consonancia co que ocorre no resto do Estado, onde se rexistrou unha maior diminución no uso do software de código aberto.


O descenso na utilización de software de código aberto rexistrado entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as no período 2012-2013 atopámolo tamén nas microempresas galegas. A utilización deste tipo de software diminuíu 6,2 puntos porcentuais en Galicia e 10,7 puntos porcentuais a nivel estatal.

G.18. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que empregaban algunha tipoloxía de software de código aberto

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Nota: non hai datos para o ano 2010

G.19. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que empregaban algunha tipoloxía de software de código aberto

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

Tres de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia utilizaron a sinatura dixital nalgunha comunicación. O dato é lixeiramente inferior nas empresas do mesmo segmento con sede en Galicia (72,4%), e redúcese de maneira significativa nas empresas de menor tamaño (25,5%).

G.20. SINATURA DIXITAL

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

En termos evolutivos, o dato para as empresas con sede en Galicia (72,4%), se ben experimenta un leve descenso con respecto ao ano anterior, sitúase por riba da media estatal.


Centrándonos nas microempresas galegas, o emprego da sinatura dixital experimentou un descenso no derradeiro ano, do mesmo xeito que nas empresas estatais, que mantiñan unha evolución positiva ata o ano 2012.

G.21. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que utilizaron sinatura dixital nalgunha comunicación enviada pola súa empresa

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as e con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.22. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que utilizaron sinatura dixital nalgunha comunicación enviada pola súa empresa

Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as e con conexión a Internet)



Fonte: INE

No tocante aos usos da sinatura dixital, a utilización desta tecnoloxía para relacionarse coa Administración Pública está amplamente estendida entre as empresas galegas independentemente do seu tamaño ou actividade. É na utilización da sinatura dixital para relacionarse con clientes e/ou provedores onde atopamos diferencias. Deste xeito, se un 14,7% das microempresas galegas relaciónanse cos clientes e provedores a través da sinatura dixital, esa porcentaxe aumenta ao 18,5% entre as empresas de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia, e ao 23,1% naquelas grandes empresas con sede e/ou actividade en Galicia.

G.23. USOS DA SINATURA DIXITAL
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A fenda que separa as empresas pequenas das de maior tamaño dase tamén no que se refire ao uso de solucións de Cloud Computing. O 16,3% de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e o 19,2% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia utilizan solucións de Cloud Computing, situándose en valores moi próximos á media estatal. Nas empresas de 0 a 9 empregados/as, o uso deste modelo tecnolóxico de computación na nube descende ao 9,7%.


G.24. EMPRESAS QUE UTILIZARON SOLUCIÓN DE CLOUD COMPUTING

Empresas que utilizaron solucións de Cloud Computing
Comparación Galicia e España
(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as con conexión a Internet)



Fonte: INE

Empresas que utilizaron solucións de Cloud Computing
Comparación Galicia e España
(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados / as con conexión a Internet)




Fonte: INE

As microempresas galegas recurren a solucións de cloud computing, principalmente, para almacenamento (91,7%) e para copias de seguridade (backup) de xeito significativamente inferior (53,5%).

Algo similar acontece nas empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as: recurren a solucións de cloud computing para almacenamento aínda que en menor medida que as pequenas empresas. Os servizos de backup e software presentan niveis de utilización moi similares, quedando o resto de solucións ofertadas nos servizos de cloud computing en posicións máis alonxadas.

G.25. SOLUCIÓN DE CLOUD COMPUTING: desglose

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

O descoñecemento do cloud computing (68,7%) seguido da percepción da falta de necesidade destas tecnoloxías para o desenvolvemento do negocio (61,9%) son as motivacións principais dos responsables das empresas galegas de 0 a 9 traballadores/as para explicar a non utilización destes servizos.

Esas mesmas razóns, aínda que cunha menor intensidade e primando a falta de necesidade sobre o descoñecemento, son tamén sinaladas no caso das empresas de 10 ou máis traballadores. Neste caso tamén preocupa a seguridade e confidencialidade dos datos corporativos como razón para non dispoñer de servizos de cloud computing.

G.26. MOTIVACIÓNS DE NON USO DE CLOUD COMPUTING

(% sobre o total de empresas e con conexión a Internet)




Fonte: INE

Tanto nas microempresas como nas empresas de 10 e máis traballadores/as, a porcentaxe de empresas que reciben facturas electrónicas é superior a das que emiten efactura. Cabe salientar que un 26,6% das empresas de 10 e máis traballadores/as con sede en Galicia recibiu facturas electrónicas e un 7,8% emitíunas, superando en ambos dous casos a media estatal en 0,5 puntos porcentuais. Entre as microempresas, só unha de cada dez empresas recibe facturas electrónicas e a emisión de facturas electrónicas é aínda pouco significativa, presentando a media galega e estatal valores inferiores ao 1%.

G.27. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.28. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

As empresas de 10 ou máis traballadores/as, independentemente de que teñan ou non sede en Galicia, presentan maiores intensidades de uso da ferramenta ERP que as pequenas empresas, nas que a porcentaxe de uso redúcese a un 3,8%.

G.29. EMPRESAS QUE DISPOÑÍAN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS ERP PARA COMPARTIR INFORMACIÓN SOBRE COMPRAS / VENDAS CON OUTRAS ÁREAS DA EMPRESA
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

O 30,9% das empresas de 10 ou máis empregados/as e con sede en Galicia dispoñían de ferramentas informáticas ERP para compartir información sobre compras e vendas con outras áreas funcionais da súa organización, un dato que amosa unha evolución positiva de 5,7 puntos porcentuais. Para as empresas con actividade en Galicia, a porcentaxe elévase ata un 37,8%, situándose por riba da media estatal.


A evolución do indicador nas empresas de menor tamaño é tamén positiva e, cunha porcentaxe de uso do 3,8%, presenta un dato mellor que o recollido para o conxunto do Estado. Un ano antes, esta porcentaxe era de 3 puntos porcentuais menos.

G.30. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos do ano 2011 nin de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.31. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE-IGE

Nota: Non dispoñibles datos do ano 2011

A ferramenta informática CRM para xestionar a información de clientes amosa tamén porcentaxes de uso moito máis elevadas nas empresas de 10 ou máis traballadores/as que nas microempresas. O 26,6% das empresas de maior tamaño con sede en Galicia e o 31,9% das empresas con actividade en Galicia dispón de ferramentas CRM, situándose esta última porcentaxe por riba da media estatal.

G.32. EMPRESAS QUE DISPOÑÍAN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM PARA XESTIONAR INFORMACIÓN DE CLIENTES

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

G.33. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas CRM

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: INE-IGE

Nota: Non dispoñibles datos do ano 2011 nin de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Pola súa banda, o 4,8% das empresas de entre 0 e 9 empregados/as fai uso da ferramenta informática CRM, dato similar ao que rexistran de media as empresas españolas das mesmas características, e que diminúe lixeiramente entre os anos 2012 e 2013, tanto a nivel galego como estatal.

G.34. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que dispoñían de ferramentas CRM

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos do ano 2011

As empresas de maior tamaño ofrecen actividades formativas TIC aos seus empregados/as en maior medida que as pequenas empresas, especialmente as que teñen sede e/ou actividade en Galicia, que proporcionan formación deste tipo nun 18,8% dos casos. Este dato continúa a evolución positiva iniciada no ano 2011.

G.35. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

G.36. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados / as

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


No caso das microempresas, a medial galega segue por riba dos datos estatais aínda que o valor deste indicador mantense en porcentaxes susceptibles de mellora.

G.37. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados / as

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE

As actividades formativas impartidas polas empresas galegas aos seus traballadores poden diferenciarse entre as destinadas a persoal especialista en TIC e as destinadas a persoal usuario, sendo maioritarias as actividades que tiveron como obxectivo o persoal usuario.

Por outra banda a profundidade destas accións formativas parece depender do tamaño da empresas e da localización da sede ou non en Galicia. Deste xeito un 80,2% dos traballadores “usuarios” (non especialistas en TIC) de microempresas galegas recibiron formación en TIC, porcentaxe que supera o 92% no caso dos traballadores/as das empresas de 10 ou máis empregados/as.

G.38. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

II.2. INTERNET E BANDA LARGA

A práctica totalidade de empresas de 10 ou máis traballadores/as ten contratado acceso a Internet. Nas microempresas, a porcentaxe de contratación de Internet é do 64,9%.

G.39. ACCESO A INTERNET CONTRATADO
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

Entre as empresas de 10 e máis empregados/as, cabe salientar que o dato para as empresas de Galicia é superior á media estatal, aínda que en ambos os dous casos as porcentaxes sitúanse moi preto do 100%.


No caso das microempresas galegas, experimentaron un crecemento do 12,3% na contratación de Internet no último ano fronte ao incremento do 0,8% do conxunto do Estado. Neste indicador, a diminución da fenda dixital foi de 6,6 puntos.

G.40. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.41. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen acceso a Internet contratado

Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)



Fonte: INE

O acceso remoto a correo electrónico, documentos, aplicacións da empresa mediante conexión a Internet ten unha presenza dispar nas empresas galegas e as diferenzas atopadas obedecen ao tamaño das mesmas. Deste xeito, se o 27,2% das microempresas galegas proporcionan aos seus empregados este acceso remoto, no caso das empresas de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia esa porcentaxe ascende ao 60,1% e no caso das empresas con sede e/ou actividade en Galicia o índice acada o 66,2%.


G.42. EMPRESAS QUE PROPORCIONABAN AOS SEUS EMPREGADOS / AS ACCESO REMOTO AO CORREO ELECTRÓNICO, DOCUMENTOS OU APLICACIÓNS DA EMPRESA, MEDIANTE CONEXIÓN A INTERNET FIXA, INALÁMBRICA OU MÓBIL
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

Máis do 95% das empresas galegas con conexión a Internet accede á Rede mediante solucións de banda larga, sen que existan apenas diferenzas entre as pequenas empresas (96%) e as empresas de 10 ou máis traballadores/as (99,3% das que teñen sede en Galicia e 99,4% das que teñen sede e/ou actividade en Galicia).

G.43. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A contratación de Internet a través de banda larga nas empresas de 10 e máis empregados/as experimenta en Galicia un crecemento de 0,6 puntos no último ano, fronte ao incremento de 0,2 puntos do conxunto do Estado.

Tanto nas empresas de 10 e máis empregados/as como nas microempresas con conexión a Internet, pódese concluir que o acceso a través de banda larga é case universal pois as porcentaxes están preto do 100%.


G.44. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA. EVOLUCIÓN

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Comparación Galicia e España
(% sobre o total de empresas de 0-9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Comparación Galicia e España
(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

O 52% das microempresas con conexión a Internet teñen acceso á Rede a través de banda larga móbil. Esa porcentaxe ascende ao 64,8% nas empresas de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia e ao 70,4% nas mesmas con sede e/ou actividade en Galicia.

G.45. ACCESO A INTERNET CONTRATADO A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL (% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

A evolución do número de empresas de 10 ou máis traballadores con acceso a internet mediante banda larga móbil segue unha liña positiva, aumentando 1,8 puntos porcentuais con respecto ao ano 2012.


Resulta especialmente salientable que a contratación de banda larga móbil nas microempresas medrou un 34,4% no último ano.

G.46. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Móbil

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.47. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que teñen contratado Internet a través de Banda Larga Móbil Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE


O 96% das empresas galegas de 0 a 9 traballadores/as con conexión a internet teñen velocidades contratadas de acceso á Rede por riba dos 2 MB/seg, sendo o rango de velocidades comprendido entre os 2 Mb/seg e os 10 Mb/seg o máis frecuente.

Máis do 99% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as ten contratada unha velocidade de conexión a Internet que supera os 2 Mb/seg, concretamente máis da metade contratou velocidades de conexión a Internet de entre 2 e 10 Mb/seg e case o 30% opta por velocidades entre 10 e 30 Mb/seg.

Non semella existir diferencias nas velocidades contratadas de acceso a internet segundo a localización das sede da empresa. As empresas de 10 ou máis traballadores/as, ben sexan con sede en Galicia ou ben sexan con sede e/ou actividade en Galicia, presentan similares porcentaxes de distribución das velocidades de acceso a internet.

G.48. VELOCIDADE CONTRATADA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Non atopamos diferencias entre as empresas galegas con conexión a Internet no que aos usos de Internet se refire: Internet é empregado, fundamentalmente, para procurar información, como plataforma de comunicación e, en menor medida para obter servizos bancarios e financeiros.

G.49. USOS DE INTERNET NAS EMPRESAS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Un 13,1% das microempresas galegas con conexión a Internet proporcionaron dispositivos portátiles de conexión móbil a Internet aos seus empregados/as. Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e acceso a Internet, un 39% das mesmas proporcionaron este tipo de equipos aos seus empregados/as. No caso das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia, a porcentaxe das que proporcionaron dispositivos portátiles con conexión a Internet ascende ao 48,6%

Os dispositivos portátiles postos a disposición dos traballadores/as foron maioritariamente smartphones, PDAs ou teléfonos móbiles con conexión a Internet, superando aos ordenadores portátiles e similares (tabletas, notebooks, netbooks, laptops...)

G.50. EMPREGO DE DISPOSITIVOS PORTÁTILES

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fente: INE

II.3. PÁXINA WEB E REDES SOCIAIS

A dispoñibilidade de páxina web garda relación co tamaño da empresa. Así, o 69% de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia e o 64,4% das empresas das mesmas características con sede en Galicia dispoñen de páxina web, mentres que a porcentaxe de microempresas con páxina web é do 28,1%.

G.51. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

Nas empresas de 10 e máis traballadores/as, a dispoñibilidade de web cae lixeiramente con respecto ao ano anterior, se ben permanece por riba dos datos dos anos 2010 e 2011. Non obstante, a porcentaxe de empresas de 10 e máis empregados/as con actividade en Galicia que contan con web sitúase en valores próximos á media estatal.


No caso das microempresas, experimentaron un incremento do 15,2% no último ano neste indicador, cunha diferenza de tan só 1,2 puntos coa media estatal (29,3%), que se traduce nunha diminución da fenda en 3 puntos.

G.52. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Disponibilidade de páxina web

Comparativa Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 10 e máis traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.53. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Disponibilidade de páxina web

Comparativa Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)




Fonte: INE

Os tres servizos máis presentes nas páxinas web das empresas galegas son, por orden de prioridade: a presentación da empresa, a declaración de política ou de intimidade e certificación de seguridade e o catálogo de produtos e as listas de prezos.

O tamaño da empresa amosan o detalle destacable de que o seguinte factor que máis figura nas páxinas web é a realización de pedidos ou reservas online nas máis pequenas (de 0 a 9 empregados / as) e os anuncios de ofertas de traballo ou recepción de solicitude de traballo online (no caso das que teñen de 10 ou máis traballadores/as tanto con sede como con actividade en Galicia).


G.54. SERVICIOS DISPONIBLES NA PÁXINA WEB

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



En 2013, arredor de 1 de cada 4 empresas galegas utilizou as redes sociais. Neste aspecto, as diferenzas en función do tamaño da empresa son pouco significativas, e incluso o dato das microempresas (26,4%) supera lixeiramente ao das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia (25,6%).

G.55. REDES SOCIAIS (Facebook, Lidkedin, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...)
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


Os datos de utilización de redes sociais por parte das empresas galegas son moi similares aos dos conxunto do Estado, tanto nas empresas de maior tamaño como nas microempresas, que presentan practicamente o mesmo valor que a media estatal. En termos evolutivos tamén atopamos datos positivos que auguran un crecemento do emprego das redes sociais nas empresa como medio de acceder e comunicarse cos seus clientes ou para o seu negocio (ventas, promocións, publicidade, etc.)

G.56. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...). EVOLUCIÓN

Empresas que utilizaron os seguintes medios sociais: Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Empresas que utilizaron os seguintes medios sociais: Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...)

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Outro medio social moi extendido despois das redes sociais son os websites que comparten contidos multimedia (do estilo Youtube, Flickr, Picassa, SlideShare, Instragram...) especialmente nas empresas máis grandes e con sede e / ou actividade en Galicia (un 15,4% que o utilizan con finalidade empresarial). En segundo lugar o medio social máis empregado serían blogs de empresas ou microblogs (twitter, present-ly, blogger, typepad...) que de novo destacan nas máis grandes e que teñen sede e/ou actividade en Galicia.

G.57. EMPREGO DE OUTROS MEDIOS SOCIAIS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A principal finalidade pola que se empregan as redes sociais según as propias empresas e o desenvolvemento da imaxe ou dos produtos. A interacción cos clientes á hora de recibir ou enviar opinións ou involucrarlos na evolución da empresa mediante innovacións ou suxestións para mellorar os bens ou servizos son os outros dos usos das redes sociais que máis destacan.

G.58. USOS DE REDES SOCIAIS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Seguindo cos medios sociais e a súa utilidade empresarial para favorecer ou xerar o negocio, a maioría das empresas independentemente do seu tamaño coinciden en valoralas de xeito positivo ou moi positivo. Así, arredor de unha de cada catro empresas valóraas como útiles ou moi útiles.

G.59. UTILIDADE DOS MEDIOS SOCIAIS PARA A XERACIÓN OU DESENVOLVEMENTO DO SEU NEGOCIO

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

II.4. COMERCIO ELECTRÓNICO

Tal e como sucede con outros indicadores, as compras a través do comercio electrónico teñen un peso moi diferente nas empresas galegas en función do seu tamaño. Segundo datos do ano 2013, o 21,1% de empresas de 10 ou máis traballadores /as con sede e/ou actividade en Galicia realizaron compras a través do comercio electrónico, situándose en valores próximos á media estatal, mentres que nas microempresas a porcentaxe redúcese ata un 8,9%.

G.60. COMPRAS POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

G.61. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que compraron a través de Internet no último ano

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




Fonte: INE

Empresas que compraron a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

As vendas a través de Internet son tamén notablemente máis frecuentes nas empresas de maior tamaño que nas microempresas. O 16,3% de empresas de 10 ou máis traballadores con sede e/ou actividade en Galicia e o 12,8% das que teñen a sede en Galicia empregaron a Rede para realizar vendas, mentres que no caso das empresas de entre 0 e 9 traballadores/as a porcentaxe redúcese ao 2,2%.

G.62. VENTAS POR INTERNET NO ÚLTIMO ANO

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

En termos evolutivos, é moi salientable o incremento na venda electrónica experimentado polas empresas con sede en Galicia, que nun ano pasan de 9,4% a 12,8%, reducindo a fenda coa media estatal en 3,2 puntos porcentuais. Por outra banda, cabe destacar que o dato para as empresas con actividade en Galicia supera en case 2 puntos porcentuais a media estatal.


G.63. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que venderon a través de Internet no último ano
(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)



Fonte: INE
Nota: Non dispoñibles datos de comercio electrónico anteriores a 2012

Empresas que venderon a través de Internet no último ano
Comparación Galicia e España
(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados)




Fonte: INE
Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

Un 78,8% das microempresas galegas ten como cliente principal aos/as consumidores/as finais. A diferenza coas empresas de maior tamaño é considerable xa que arredor dun 90% das empresas de máis de 10 traballadores / as teñen como clientela habitual o sector empresarial e só un 8,9% das vendas diríxase a consumidores finais.

España é o principal destinatario das vendas de case todas as empresas galegas, con valores que se sitúan arredor do 85%.

G.64. DISTRIBUCIÓN DE VENDAS SEGUNDO O TIPO DE CLIENTE


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.65. DISTRIBUCIÓN DE VENDAS SEGUNDO A ÁREA XEOGRÁFICA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

II.5. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET

A interacción coas Administracións Públicas a través de Internet está máis estendida nas empresas de maior tamaño que nas microempresas. A porcentaxe de interacción coa Administración correspondente ás empresas de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet sitúase arredor do 90% fronte ao 62,8% das microempresas.

G.66. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

Este indicador continúa a evolución positiva constatada dende o ano 2010, experimentando un incremento do 2,8% respecto do ano anterior entre as empresas de 10 e máis empregados/as.


Ademais, as microempresas galegas avantan ás do conxunto do Estado en canto a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet no último ano, concretamente, as microempresas galegas sitúanse 1,4 puntos porcentuais por riba da media estatal neste indicador.

G.67. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 10 e máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

G.68. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Tres de cada catro empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e conexión a Internet interactuaron coas Administracións Públicas a través da Rede no último ano para obter información. O dato, practicamente idéntico ao do ano anterior, aumenta no caso das empresas con actividade na nosa Comunidade (77,9%), un valor lixeiramente superior ao do conxunto do Estado.

Nas pequenas empresas, a interacción coas Administracións con tal finalidade é do 48,4%. O trámite de contactar coa Administración para a obtención de información é o que máis citan as microempresas galegas, aínda que respecto ao ano anterior, obsérvase un leve descenso que tamén percibimos nos datos de empresas estatais con este número de traballadores / as.

G.69. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA OBTÉR INFORMACIÓN

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.70. EVOLUCIÓN DO INDICADOR


Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para obter información Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as
con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as
con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade

A interacción co obxectivo de obter formularios das Administracións é tamén máis intensa nas empresas de maior tamaño que nas microempresas. O 44,6% das microempresas con conexión a Internet fixeron uso das páxinas da Administración para descargar formularios oficiais. No caso das empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia, a interacción con ese fin aumenta lixeiramente con respecto ao ano 2012, e acada un 71,4%. Pola súa banda, as que teñen actividade en Galicia igualan o dato medio estatal (75,5%).

A procura de formularios administrativos é o segundo trámite máis demandado nas empresas de 0 a 9 traballadores / as, que tamén repite a tendencia á baixa semellante ás empresas de España.

G.71. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA OBTEN FORMULARIOS

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.72. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para obter formularios


Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade

O 27,8% das empresas de 0 a 9 traballadores/as con conexión á Rede enviou formularios cumprimentados por Internet ás Administracións. Este dato é moi superior nas empresas de 10 ou máis traballadores/as, tamén con sede en Galicia (61,3%) e acada o 66,5% no caso das empresas con actividade en Galicia, que se sitúan 2,1 puntos porcentuais por riba da media estatal.

O trámite administrativo onde atopamos un descenso máis evidente respecto ao ano pasado e na devolución de impresos cumprimentados pero comparativamente aos datos estatais, observamos que se corresponde cunha evolución á baixa xeralizada no conxunto de España.

G.73. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO PARA DEVOLVER IMPRESOS CUMPRIMENTADOS

(%sobre o total de empresas e con conexión a Internet)




Fonte: INE

G.74. EVOLUCIÓN DO INDICADOR


Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano para devolver impresos cumprimentados **Comparación Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as
con conexión a Internet)



Fonte: INE

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados/as
con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade

Facendo un desglose das diferentes xestións que motivan a interacción coa Administración Pública a través de Internet, os trámites administrativos máis realizados polas empresas son os de “declaración de impostos á Seguridade Social” xunto coas “declaracións de contribucións á Seguridade Social”.

G.75. XESTIÓNS COAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A TRAVÉS DE INTERNET
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

II.6. En síntese

Equipamento e servizos TIC

- ☞ Un 71,2% das microempresas galegas dispón de ordenador mentres que nas empresas de 10 e máis traballadores/as xa se sitúa en valores próximos ao 100%.
- ☞ O crecemento da dispoñibilidade de ordenador nas microempresas galegas foi dun 13,6%, moi superior ao crecemento estatal (0,4%), reducindo a fenda de 8,5 puntos a 0,4 puntos e acadando a converxencia coa media estatal.
- ☞ A dispoñibilidade de correo electrónico tamén varía significativamente segundo o tamaño das empresas. Se no caso das empresas con 10 ou máis traballadores/as a presenza do email supera o 98%, nas microempresas sitúase no 62,3% e rexistra un incremento de case 7 puntos porcentuais no último ano, acadando a converxencia coa media estatal.
- ☞ O 16,3% de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e o 19,2% das que desenvolven actividade en Galicia utilizan solucións de Cloud Computing, valores próximos á media estatal. Nas microempresas, o uso da computación na nube descende ao 9,7%. As principais funcionalidades do uso de Cloud Computing son o almacenamento e as copias de seguridade (backup)
- ☞ Un 26,6% das empresas de 10 e máis traballadores/as con sede en Galicia recibiu facturas electrónicas e un 7,8% emitíunas, superando en ambos os dous casos a media estatal en 0,5 puntos porcentuais
- ☞ O 30,9% das empresas de 10 ou máis empregados/as e con sede en Galicia dispoñían de ferramentas informáticas ERP, 5,7 puntos porcentuais máis que no ano 2012. Para as empresas con actividade en Galicia, a porcentaxe elévase ata un 37,8%, situándose por riba da media estatal.
- ☞ A evolución do ERP nas empresas de menor tamaño é tamén positiva e, cunha porcentaxe de uso do 3,8%, presenta un dato mellor que a media estatal.
- ☞ O 26,6% das empresas de maior tamaño con sede en Galicia e o 31,9% das empresas con actividade en Galicia dispón de ferramentas CRM, situándose esta última porcentaxe por riba da media estatal. Pola súa banda, o 4,8% das

microempresas fai uso dun CRM, dato similar ao que rexistran de media as microempresas españolas

Internet e banda larga

- ☞ A práctica totalidade de empresas de 10 ou máis traballadores/as ten contratado Internet. Nas microempresas, esta porcentaxe é do 64,9%, cun crecemento no último ano do 12,3% fronte ao 0,8% da media estatal. Isto traducíuse nunha diminución da fenda dixital de 6,6 puntos.
- ☞ O 52% das microempresas teñen acceso a Internet a través de banda larga móbil. Esa porcentaxe ascende ao 64,8% nas empresas de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia e ao 70,4% naqueles que teñen sede e/ou actividade en Galicia.
- ☞ Resulta especialmente salientable que a contratación de banda larga móbil nas microempresas medrou un 34,4% no último ano.
- ☞ O 96% das microempresas e o 99% das empresas galegas de 10 e máis empregados/as con Internet teñen velocidades contratadas por riba dos 2 MB/seg.
- ☞ Máis da metade das empresas galegas de 10 e máis empregados/as contratou velocidades de conexión a Internet de entre 2 e 10 Mb/seg e case o 30% opta por velocidades entre 10 e 30 Mb/seg.
- ☞ Un 13,1% das microempresas galegas con conexión a Internet proporcionaron dispositivos portátiles de conexión móbil a Internet (tabletas, notebooks, netbooks, laptops...) aos seus empregados/as. Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as, a porcentaxe elévase a un 39% nas que teñen sede en Galicia e a un 48,6% nas que teñen sede e/ou actividade na nosa Comunidade.

Páxina web e redes sociais

- ☞ O 69% de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia e o 64,4% das que teñen a súa sede en Galicia dispoñen de páxina web. No caso das microempresas, a dispoñibilidade de web é do 28,1%, cun incremento do 15,2% no último ano. Isto tradúcese nunha diminución da fenda en 3 puntos e sitúa as microempresas galegas a só 1,2 puntos da media estatal
- ☞ Arredor de 1 de cada 4 empresas galegas utilizou as redes sociais. Neste aspecto, as diferenzas en función do tamaño da empresa son pouco significativas, e incluso o

dato das microempresas (26,4%) supera lixeiramente ao das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia (25,6%).

- ☞ A utilización de redes sociais por parte das empresas galegas é moi similar á do conxunto do Estado, tanto nas empresas de maior tamaño como nas microempresas, que presentan practicamente o mesmo valor que a media estatal.
- ☞ En termos evolutivos, tamén atopamos datos positivos que auguran un crecemento do emprego das redes sociais nas empresa como medio de acceder e comunicarse cos seus clientes ou para o seu negocio (ventas, promocións, publicidade, etc.)

Comercio electrónico

- ☞ O 16,3% de empresas de 10 ou máis traballadores con sede e/ou actividade en Galicia e o 12,8% das que teñen a sede en Galicia empregaron a Rede para realizar vendas, mentres que, no caso das microempresas, a porcentaxe redúcese ao 2,2%.
- ☞ En termos evolutivos, é moi salientable o incremento na venda electrónica experimentado polas empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia, que nun ano pasan de 9,4% a 12,8%, reducindo a fenda coa media estatal en 3,2 puntos porcentuais. Por outra banda, cabe destacar que o dato para as empresas con actividade en Galicia supera en case 2 puntos porcentuais a media estatal.

Interacción coas Administracións Públicas a través de Internet

- ☞ Arredor do 90% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet interactou coas AA.PP. a través de Internet fronte ao 62,8% das microempresas.
- ☞ Este indicador continúa a evolución positiva constatada dende o ano 2010, experimentando un incremento do 2,8% respecto do ano anterior entre as empresas de 10 e máis empregados/as.
- ☞ As microempresas galegas avantaxan ás do conxunto do Estado en canto a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet no último ano, concretamente, sitúanse 1,4 puntos porcentuais por riba da media estatal.

III. ANÁLISE SECTORIAL



- ➡ **As empresas do sector Construción destacan especialmente no uso da banda larga móbil pero non fan uso das vendas a través de Internet.**
- ➡ **As empresas adicadas á Industria sobresaen na dispoñibilidade de páxina web.**
- ➡ **No sector Servizos, as empresas destacan comparativamente polo maior uso das redes sociais como ferramenta de interacción cos seus clientes, especialmente nas actividades de Aloxamento.**

III.1. ANALISE SECTORIAL


Neste terceiro capítulo preséntase unha análise das empresas galegas en función do sector de actividade ao que pertencen, profundizando no nivel de equipamento e uso que fan das TIC, así como na dispoñibilidade de Internet e banda larga, páxina web e redes sociais, uso do comercio electrónico e interacción coas Administracións Públicas a través da Rede.

Equipamentos e servizos TIC

Nas empresas de 10 e máis traballadores / as non se observan diferencias na dispoñibilidade de ordenador segundo a actividade por situarse en porcentaxes próximas ao 100%, mentres que as diferencias se manifestan no segmento empresarial das microempresas. Destaca a porcentaxe de dispoñibilidade de ordenador nas microempresas adicadas a Servizos por riba doutros sectores. Un 78,6% de microempresas do sector Servizos ten ordenador, fronte a un 52,7% das que se engloban no sector Construción.

G.76. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Centrándose na actividade principal da empresa das empresas de 10 e máis traballadores/as, a práctica totalidade dispoñen de ordenadores.

G.77. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 e máis traballadores/as)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

En relación á sinatura dixital, obsérvase que, entre as empresas de 10 e máis traballadores/as, é empregada en maior medida polas empresas do sector da Construción. Mentres que nas microempresas, a vantaxe corresponde ao sector servizos aínda que o sector da Construción sitúase en valores próximos.

G.78. SINATURA DIXITAL SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

O emprego da sinatura dixital é especialmente significativo nas empresas grandes con sede en Galicia de sectores relacionados con actividades profesionais e científicas (83%), valor moi superior ao das empresas de coquería e refino (53,5%) e aloxamento (56,7%), que son as que menos uso fan desta nova ferramenta tecnolóxica aplicada á empresa.

G.79. SINATURA DIXITAL SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 e máis traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

As empresas grandes do sector servizos que desenvolven a súa actividade en Galicia presentan as maiores intensidades de uso do Cloud Computing (21,8%). Resulta salientable que o uso de Cloud Computing está pouco extendido no sector da Construción, tanto nas microempresas como nas empresas grandes. De igual xeito, as microempresas do sector da Industria presentan valores significativamente baixos.

G.80. SOLUCIÓN DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Arredor do 35% das empresas grandes adicadas a actividades de información e comunicación, aloxamento e actividades profesionais e científicas utilizan solucións de Cloud Computing. No extremo oposto, as empresas de coquería e refino e as do sector transporte non acadan o 10%.

G.81. SOLUCIÓNS DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 e máis traballadores/as e conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

Entre as empresas de 10 ou máis traballadores / as, o sector da Industria é o que obtén mellores resultados, tanto na recepción como no envío de factura electrónica. No caso das microempresas, obsérvanse valores moi baixos e só a recepción da factura electrónica no sector da Construción e Servizos é superado polo 10% das microempresas.

G.82. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.83. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

A análise pormenorizada da actividade específica das empresas de 10 ou máis traballadores / as con sede en Galicia indica que as empresas adicadas ao Aloxamento son as de maior porcentaxe de emprego de facturas electrónicas, situándose no extremo oposto as actividades inmobiliarias.

G.84. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

G.85. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

O uso das ferramentas ERP e CRM está máis estendido entre as empresas galegas de 10 e máis empregados/as pertencentes aos sectores Industrial e Servizos. Non obstante, entre as microempresas, estas ferramentas están pouco implementadas e en ningún sector de actividade se acada o 7%.

G.86. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS ERP SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

G.87. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

A análise detallada por CNAE indica que o ERP ten máis implantación nas actividades de Coquería e Refinería, Metalurxia e Enerxía e Auga mentres que o CRM acada as maiores porcentaxes en Aloxamento e Enerxía e Auga. Para ambas as dúas ferramentas, as actividades inmobiliarias obteñen as porcentaxes máis baixas.

G.88. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS ERP SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

G.89. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 e máis empregados / as con sede en Galicia)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

As empresas do sector servizos que teñen sede ou actividade en Galicia subministran formación TIC aos seus traballadores e traballadoras en maior medida que as empresas dos outros sectores de actividade. Neste caso, resulta máis significativa a influencia do tamaño da empresa na formación TIC que se imparte aos traballadores/as.

G.90. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Analizando en detalle as CNAEs, só catro sectores económicos (Actividades Profesionais e Científicas, Información e Comunicación, Actividades Inmobiliarias e as Actividades Administrativas) superan o 20% no indicador referido a formación TIC. Pola contra, apréciase unha desantención á formación TIC no sector Aloxamento.

G.91. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 e máis traballadores/as)



Fonte: INE


Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.2. Internet e banda larga

Nas empresas de 10 e máis empregados /as, a conexión a Internet está xeralizada pero obsérvase unha significativa fenda entre as microempresas do sector Servizos e as da Industria e Construción. Así, case tres de cada catro microempresas do sector Servizos ten contratado Internet, mentres que nos outros dous sectores esta porcentaxe non acada o 50%.

G.92. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Se facemos unha análise máis pormenorizada, en función do CNAE ou actividade principal da empresa, atopamos que todos os sectores acadan porcentaxes superiores ao 94%.

G.93. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 e máis traballadores/as)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

A banda larga tamén está amplamente estendida nas empresas galegas con conexión a Internet, independentemente do sector e do número de empregados/as e da CNAE, con porcentaxes próximas ao 100%.

G.94. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA SEGUNDO A ACTIVIDADE


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

G.95. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 e máis traballadores/as e conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

A banda larga mediante dispositivos móbiles (tablets, netbooks, notebook, teléfonos móbiles, etc) está acadando unha notable importancia nos derradeiros anos e amosa unha consolidación considerable especialmente no sector da Construción, con valores superiores á media, tanto nas empresas máis grandes (un 71,2% das que teñen sede en Galicia) como nas pequenas (un 57,9% das que posúen de 0 a 9 traballadores / as).

No extremo oposto, o sector da Industria é o que rexistra as porcentaxes máis baixas para este indicador, especialmente entre as microempresas que se sitúan case 20 puntos porcentuais por baixo da media.

G.96. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Facendo un desglose por actividade, as empresas de actividades inmobiliarias obteñen a menor porcentaxe de acceso a Internet a través de banda larga móbil (35,5%). Non obstante, tres actividades económicas (Información e Comunicación, Aloxamento e Construción) acadan porcentaxes superiores ao 70% .

G.97. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 e máis traballadores/as e conexión a Internet)



Fonte: INE


Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.3. Páxina web e redes sociais

O sector de actividade introduce unha importante fenda en canto a dispoñibilidade de páxina web, de xeito que, se ben as empresas do sector industrial superan en máis de 6 puntos a media galega en todos os estratos de empregados/as; no sector da Construción sitúanse máis de 14 puntos por baixo da media galega e así só a metade das grandes empresas deste sector dispoñen de páxina web e o 8,3% das microempresas adicadas a Construción teñen presenza na Rede.

G.98. DISPOÑIBILIDADE DE PAXINA WEB SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A análise por CNAE introduce diferenzas tamén significativas para este criterio, sendo de novo as empresas de actividades inmobiliarias ou relacionadas as que posúen en menor medida páxina web. O dato salientable é o das empresas de Aloxamento cun 100% que dispón de páxina web para as cales a páxina web é un recurso imprescindible.

G.99. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 e máis traballadores/as e conexión a Internet)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

A presenza en redes sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google +, Viadeo, Yanner...) é maior entre as empresas do sector Servizos, e menos significativa entre as do sector da Construción independentemente do seu tamaño.

G.100. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...) SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

De xeito semellante ao que acontecía coa presenza de páxina web, son as adicadas a actividades de Aloxamento (70,3%) e Información e comunicación (60,2%) as que en maior medida empregan as redes sociais, mentres que as menos activas nestes medios son as que desenvolven principalmente actividades de Coquería e Refino, Metalurxia e Construción, por baixo do 15%.

G.101. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...) SEGUNDO O CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 e máis traballadores/as)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.4. Comercio electrónico

A comercio electrónico é pouco empregado polas microempresas galegas, só cabe sinalar o 12,4% das microempresas do sector Servizos que compran a través de Internet.


En canto ás empresas de 10 e máis traballadores/as, o comercio electrónico é empregado en maior medida polos sectores da Industria e Servizos, e inexistente en canto a vendas no sector da Construción.



Fonte: INE

**G.103. EMPRESAS QUE VENDERON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO
SEGUNDO A ACTIVIDADE**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

III.5. Interacción coas AAPP a través de Internet

Arredor do 90% das empresas de 10 e máis empregados / as interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet no último ano, destacando as do sector da Construción. Entre as microempresas, obsérvase unha importante fenda segundo a actividade xa que mentres que dúas de cada tres microempresas do sector da Construción e Servizos interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet, esta porcentaxe redúcese ao 33,2% no sector Industrial.

G.104. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Aínda que en todas as CNAEs, as porcentaxes de interacción coas Administracións Públicas a través de Internet superan o 80%, os mellores datos acádanse nas actividades relacionadas con Enerxía e Auga, Información e Comunicación e Actividades Inmobiliarias.

G.105. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO O CNAE

(%sobre o total de empresas con sede en Galicia con conexión a Internet de 10 e máis traballadores/as)




Fonte: INE

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

III.6. En síntese

- ☞ Obsérvase unha significativa fenda entre as microempresas do sector Servizos e as da Industria e Construción. Case tres de cada catro microempresas do sector Servizos ten contratado Internet, mentres que nos outros dous sectores esta porcentaxe non acada o 50%.
- ☞ As empresas do sector da Construción destacan especialmente no uso da banda larga móbil pero non realizan vendas a través de Internet.
- ☞ As empresas grandes do sector servizos que desenvolven a súa actividade en Galicia presentan as maiores intensidades de uso do Cloud Computing (21,8%). Pola contra, o uso de Cloud Computing está pouco extendido no sector da Construción.
- ☞ O sector de actividade introduce unha importante fenda en canto a dispoñibilidade de páxina web: As empresas do sector industrial superan en máis de 6 puntos a media galega mentres que no sector da Construción sitúanse máis de 14 puntos por baixo da media galega.
- ☞ O dato salientable é o das empresas de Aloxamento cun 100% que dispón de páxina web para as cales a páxina web é un recurso imprescindible.
- ☞ No sector Servizos, as empresas destacan comparativamente polo maior uso das redes sociais, especialmente nas actividades de Aloxamento.
- ☞ Entre as microempresas, obsérvase unha importante fenda na interacción coas Administracións Públicas a través de Internet segundo a actividade, xa que mentres que dous de cada tres microempresas do sector da Construción e Servizos interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet, esta porcentaxe redúcese ao 33,2% no sector Industrial.

IV. ANÁLISE POR PROVINCIAS




- ➡ Ourense destaca como a provincia con maior acceso á banda larga móbil e Lugo como a provincia cos valores máis baixos.
- ➡ Na Coruña e Pontevedra, a porcentaxe de uso das redes sociais é maior nas microempresas que nas empresas máis grandes, o que pon de manifesto a súa importancia para o pequeno empresariado.

IV.1. Equipamentos e servizos TIC

Obsérvase un comportamento diferenciado na dispoñibilidade de ordenador atendendo ao número de asalariados/as. Así, nas empresas de 10 e máis empregados/as a maior dispoñibilidade de ordenadores dase na Coruña e Pontevedra (98,8% e 99,2% respectivamente). Pola contra, no caso das microempresas, destacan as provincias de Lugo (80,6%) e Ourense (77,1%), superando significativamente ás outras provincias galegas.

G.106. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Oito de cada dez empresas de 10 ou máis traballadores/as situadas en Ourense utilizaron a sinatura dixital nalgunha comunicación enviada pola empresa, con máis de 20 puntos de diferenza con respecto as que teñen a súa sede en Lugo. Nas microempresas, as diferenzas entre provincias son menos relevantes, con porcentaxes de uso da sinatura dixital que oscilan entre o 21,1% en Ourense e o 27% en Pontevedra.

G.107. SINATURA DIXITAL SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Pontevedra é a provincia na que o emprego de solucións de Cloud Computing nas microempresas é maior (14,9%), mentres que para as empresas de 10 ou máis empregados/as o mellor dato corresponde ás localizadas en Ourense. Lugo, pola súa banda, presenta os valores máis baixos, tanto nas microempresas coma nas empresas de maior tamaño.

G.108. SOLUCIÓN DE CLOUD COMPUTING SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as, a recepción de facturas electrónicas é máis elevada nas que teñen sede na Coruña (30,1%). Nas empresas de menor tamaño a porcentaxe de empresas que recibiron a factura electrónica apenas oscila interprovincialmente, situándose en valores arredor do 10%.

G.109. EMPRESAS QUE RECIBIRON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

No caso do envío de facturas electrónicas entre as empresas de de 10 ou máis traballadores/as destacan as de Lugo e Ourense mentres que nas microempresas o envío da factura electrónica é inferior en todas as provincias ao 2%.

G.110. EMPRESAS QUE ENVIARON FACTURAS ELECTRÓNICAS SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

No que se refire ao emprego do ERP, non se observan diferenzas significativas entre as empresas de 10 ou máis empregados/as, situándose en valores arredor do 30%, mentres que nas microempresas só as de Ourense acadan valores significativos (10,3%)

G.111. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS ERP SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

O uso do CRM é notable nas empresas de 10 ou máis empregados/as da provincia de Pontevedra (30,9%), que practicamente duplican os niveis de utilización desta ferramenta das empresas do mesmo segmento con sede en Ourense (16,9%). Entre as microempresas, as porcentaxes non superan o 6% en ningunha provincia.

G.112. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE FERRAMENTAS INFORMÁTICAS CRM SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Un 18,3% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Pontevedra facilitou formación específica en TIC aos seus empregados/as, fronte ao 13,4% das empresas da Coruña, o 11,2% de Lugo e o 7,3% de Ourense. Nas empresas pequenas, a formación en TIC chegou ao 6,8% de empresas de Ourense, mentres que nas tres provincias restantes a porcentaxe é inferior ao 5%.

G.113. ACTIVIDADES FORMATIVAS TIC AOS SEUS EMPREGADOS / AS SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

IV.2. Internet e banda larga

O 68,8% das microempresas de Lugo dispoñen de Internet contratado, porcentaxe lixeiramente superior ao do resto de provincias galegas. No grupo de empresas de 10 ou máis traballadores/as as diferenzas entre provincias son tamén pouco significativas, e oscilan entre o 94,1% de Ourense e o 98,8% de Pontevedra.

G.114. EMPRESAS QUE DISPOÑEN DE CONEXIÓN A INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Das empresas que teñen Internet contratado, a práctica totalidade dispón de banda larga, tecnoloxía que está amplamente estendida tanto nas pequenas empresas como nas empresas de maior tamaño, sen que se aprecien diferenzas relevantes entre as catro provincias galegas.

G.115. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

No caso da banda larga a través de tecnoloxía móbil (tablets, netbooks, notebooks, telefonía móbil, etc) destaca Ourense como a provincia con maior acceso á banda larga de mobilidade, independentemente do tamaño das empresas e Lugo como a provincia cos valores máis baixos.

G.116. ACCESO A INTERNET A TRAVÉS DE BANDA LARGA MÓBIL SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

IV.3. Páxina web e redes sociais

O nivel de dispoñibilidade de páxina web rexistra valores superiores á media entre as empresas de 10 ou máis empregados/as de Pontevedra(66,8%) e A Coruña (66,5%). Entre as microempresas galegas, existe unha fenda de máis de 12 puntos entre as microempresas de Lugo e o resto de provincias.

G.117. DISPOÑIBILIDADE DE PÁXINA WEB SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A presenza activa nas redes sociais resulta maior nas microempresas da Coruña (28,6%) e Pontevedra (30,9%), e nas empresas de 10 ou máis traballadores/as de Lugo (31%) e Ourense (29,2%). É un dato significativo que tanto na Coruña como en Pontevedra, a porcentaxe de uso das redes sociais é maior nas microempresas que nas empresas máis grandes, o que pon de manifesto a súa importancia para o pequeno empresariado.

G. 118. REDES SOCIAIS (Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google+, Viadeo, Yanner...)
SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

IV.4. Comercio electrónico

Entre as empresas de 10 ou máis empregados/as, a porcentaxe de empresas que compran a través da Rede oscila entre o 17,2% da Coruña e o 21,2% das de Ourense. Non obstante, entre as microempresas obsérvase unha significativa fenda entre as microempresas de Ourense (3,8%) e o resto de provincias galegas que se sitúa entre o 9% e o 10%

G.119. EMPRESAS QUE COMPRARON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

En canto ás vendas, tanto entre as microempresas como entre as empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as, non se observan diferenzas salientables entre provincias, sendo moi residuais as vendas a través do comercio electrónico entre as microempresas galegas mentres que, entre as grandes empresas, as porcentaxes das que venden a través da Rede sitúanse entre o 10% das empresas de Ourense e o 13,3% das empresas da Coruña.

**G.120. EMPRESAS QUE VENDERON A TRAVÉS DE INTERNET NO ÚLTIMO ANO
SEGUNDO A PROVINCIA**

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

IV.5. Interacción coas AAPP a través de Internet

A utilización de Internet como ferramenta de interacción das Administracións Públicas é un recurso habitual nas empresas galegas, especialmente nas de maior tamaño con sede en Ourense (100%) e A Coruña (92,5%). De entre as empresas con 10 ou máis traballadores/as, son as de Lugo as que menos interaccionan coas Administracións a través da Rede, mentres que se analizamos as pequenas empresas, as ubicadas en Pontevedra e Ourense utilizan este recurso en menor medida que as do resto de provincias galegas.

G.121. INTERACCIÓN COAS AAPP A TRAVÉS DE INTERNET SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

IV.6. En síntese

- ☞ A localización provincial da sede da empresa non é determinante na contratación de Internet nin da banda larga.
- ☞ No caso da banda larga a través de tecnoloxía móbil (tablets, netbooks, notebooks, telefonía móbil, etc) destaca Ourense como a provincia con maior acceso á banda larga de mobilidade, independentemente do tamaño das empresas e Lugo como a provincia cos valores máis baixos.
- ☞ As empresas de 10 ou máis empregados/as da provincia de Ourense son as que máis empregan a sinatura dixital e a tecnoloxía Cloud Computing. Entre as microempresas, Pontevedra é a provincia na que o emprego de solucións de Cloud Computing é maior.
- ☞ Entre as microempresas galegas, existe unha fenda de máis de 12 puntos na dispoñibilidade de páxina web entre as microempresas de Lugo, que presentan a porcentaxe máis baixa neste indicador, e o resto de provincias.
- ☞ É un dato significativo que tanto na Coruña como en Pontevedra, a porcentaxe de uso das redes sociais é maior nas microempresas que nas empresas máis grandes, o que pon de manifesto a súa importancia para o pequeno empresariado
- ☞ En canto ás vendas a través de Internet, non hai diferenzas significativas entre as provincias, sendo moi residuais entre as microempresas.

ANEXO: DESCRICIÓN CNAES 2009

1. Total Industria:

1.1. Alimentación, bebidas, tabaco, textil, pezas de vestir, coiro e calzado, madeira e cortiza, papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados (CNAE 10-18)

1.2 Coquería e refino de petróleo, produtos farmacéuticos, caucho e plásticos, produtos minerais non metálicos (CNAE 19-23)

1.3 Metalurxia fabricación de produtos metálicos (CNAE 24-25)

1.4. Produtos informáticos, electrónicos e ópticos, material e equipo eléctrico, maquinaria e equipo, vehículos a motor, material de transporte, mobles e outras industrias manufactureiras, reparación de maquinaria e equipo (CNAE 26-33)

1.5. Enerxía e agua (CNAE 35-39)

2. Construción (CNAE 41-43)

3. Total Servicios: (excluídas CNAE 56: servizos de comidas e bebidas, CNAE 75 e financeiras)

3.1. Venda e reparación de vehículos de motor, comercio polo xunto e polo miúdo (CNAE 45-47)

3.2. Transporte e almacenamento (CNAE 49-53)

3.3. Servizos de aloxamento (CNAE 55)

3.4. Información e comunicacións (CNAE 58-63)

3.5. Actividades inmobiliarias (CNAE 68)

3.6. Actividades profesionais, científicas e técnicas (agás as veterinarias) (CNAE 69-74)

3.7. Actividades administrativas e servizos auxiliares (incluídas axencias de viaxes) (CNAE 77-82)

4. Sector TIC (261-264, 268, 465, 582, 61, 6201, 6202, 6203, 6209, 631, 951)

